




n=19
dl vq 81 2013

SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Autodeterminación dos pobos	Redacción.	4
As veces temo a metamorfose	Cruz Martinez	6
Territorios Palestinos Ocupados Campos de exterminio	Anxeles B.F.	7
A historia do pobo galego	Exilio galego en Oporto 1975	8
Viñeta	Carlos Casal	10
Autodeterminación con saias e petróleo	Juan Pablo Forti	11
Menstrúate	As ghatas salvaxes	12
A Boia entrevista a...	Xosé Luís Méndez Ferrín	14
Portada	Bort	
Almanaque	Bort	

0.50€

nº 19

Outubro-2014

COLABORA
CONNOSCO!

aboia.info
revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
178 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase
baixo unha Licencia Creative
Commons Atribución-NoComercial-
CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo),
Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),
Mercado da Tía Ri (Sabaris), Café
Uf (Vigo), Gova dos ratos (Vigo),
Bar Hipólito (Vigo), Tetería
Rosalinda (Vigo), Bar
Princesa (Vigo), Taberna
do Jefe (Gangas), Taberna
O rincón (Gangas), La
bolera (Moaña), Rañolas
Café (Gondomar), Casa Colorida
(Nigrán), CS Fuscalho (A Guarda),
Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo),
CS Lume (Calvario), Galería Jazz
(Vigo), Café Bar A Pola (Vigo),
Cantina Candela (Vigo), Quinta da
Carminha (Vigo), La casa de arriba
(Vigo)

RECÍCLAME!

EDITORIAL

Imbuídas como estamos nun escenario político no que se están a confrontar “unionistas e secesionistas” tanto no estado español coma no Reino Unido, non vai de máis intentar aclarar, na medida do posible, que é iso da soberanía dun pobo e en que conceptos e valores se sustentan. É curioso fitar o problema dende o punto de vista teórico; vivimos nos tempos dos nacionalismos, máis este concepto fica practicamente inasequible a calquera análise de índole teórica.

Polo tanto existe, de xeito perenne, unha clara desproporción entre a importancia do nacionalismo e a reflexión teórica que se lle proporcionou. A causa esencial desta falla ha de buscarse na propia modernidade do termo, froito de cambios políticos, sociais e culturais propios do período decimonónico. Mais non só de nacionalismos vive o horizonte político; no bando contrario, e situado á dereita, a globalización económica, o neoliberalismo global, vai erosionando de xeito galopante as propias identidades culturais, ben certo que provocando respostas de reafirmación nacional nalgúns casos, mais a meirande parte das ocasións propicia que as culturas minoritarias, en clara desvantaxe de oportunidades, fiquen esquecidas no caixón de xastre da historia.

E é precisamente nesta pugna, nesta dialéctica constante nos tempos que nos tocou vivir, por iso convén abrir ben os ollos para analizar convenientemente os problemas que van xurdir.

DEMOCRACIA FRONTE “OS MERCADOS”
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PERSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

AUTODETERMINACIÓN DOS POBOS

Redacción.

QUE É A AUTODETERMINACIÓN?

O dereito de libre determinación dos pobos ou dereito de autodeterminación é o dereito dun pobo a decidir as súas propias formas de goberno, perseguir o seu desenvolvemento económico, social e cultural, y estruturarse libremente, sen inxerencias externas e de acordo co principio de igualdade.

A libre determinación está recollida nalgúns dos documentos internacionais máis importantes, como a Carta das Nacións Unidas e os Pactos Internacionais de Dereitos Humanos. É polo tanto un principio fundamental do Dereito internacional público que xera obrigas para os Estados.

O concepto ten, certamente, un carácter polémico, e no discurso político actual aparece vencellado a situacións de desestabilización. Un dos motivos da polemicidade do termo habería que buscalos en que esta ligado ao concepto de "pobo" para o que non hai unha definición categórica única. Unha concepción maioritariamente occidental considera "pobo" ao conxunto de habitantes dun Estado mentres que as diversas minorías nacionais ou pobos indíxenas dentro de Estados tamén se autodefinínen como pobos.

"A autodeterminación dos pobos non se esgota nun exercicio político puntual, senón que se estende por un camiño propio cara o desenvolvemento económico, social e cultural "


O dereito de autodeterminación ten unha natureza composta e polifacética,

dado que comprende aspectos políticos, económicos, sociais e culturais; e precisa para unha efectividade plena a concurrencia de todos estes elementos. Non se esgota nun único exercicio puntual, senón que garante o dereito de cada pobo a manter as súas formas de goberno e o seu camiño propio cara ao desenvolvemento económico, social e cultural.

INDEPENDENTISMO E AUTODETERMINACIÓN

O independentismo e a autodeterminación dos pobos aparecen como termos sinónimos hoxe en día, pero realmente achegan matices diferentes.

O independentismo é unha corrente política, procedente en xeral do nacionalismo, que propugna a independencia dun territorio respecto do estado ou estados en que se circunscribe, mentres que o dereito de autodeterminación dos pobos é o dereito que ten un pobo a decidir as súas propias formas de goberno e polo tanto como se relaciona co resto dos



Ernest Renan

"Unha nación é un plebiscito diario"



pobos. Moitos dos pobos que apelan ao dereito de autodeterminación buscan a independencia do estado no que se atopan circunscritos, pero o independentismo non é a única vía da autodeterminación. A autodeterminación dun pobo tamén pode buscar o federalismo, confederalismo, unitarismo ou calquera outra forma de relación conforme ás aspiracións dese pobo.

Relaciónanse de xeito confuso tamén o independentismo e a secesión. Mentres que no independentismo hai un pobo que procura acadar un novo estado, no secesionismo o obxectivo é separación dun estado xa preexistente da unión con outros estados.

"O indixenismo esixelle aos estados un marco político no que estes pobos poidan desenvolver a súa soberanía tal e como queda recollido no dereito internacional para os outros pobos e nacións"

À autodeterminación indíxena

O movemento indixenista proclama que a autodeterminación é o dereito máis importante dos pobos indíxenas e esíxelle aos estados nos que fican presos que recoñezan un marco no que poidan desenvolver a súa soberanía como queda

Foto: Fernando Valenzuela
recollido no dereito internacional.

Especialmente vencellado ao movemento indixenista está a cultura da Pachamama. Unha divindade que representa á Terra, mais non só o chan ou a terra xeolóxica, así como tampouco só a natureza; é todo iso no seu conxunto. Non está localizada nun lugar específico, mais concéntrase en certos lugares como mananciais, vertentes ou apachetas. É unha deidade que actúa directamente, por presenza e coa cal se dialoga permanentemente, ben sexa pedíndolle sustento ou desculpándose por algunha falta cometida contra a terra e por todo o que nos prové. Esta visión da Terra é totalmente allea á visión antropocéntrica que o ser humano ten coa natureza en Occidente e só é comprensible dende o profundo respecto e veneración cara ao coidado da Terra e os recursos naturais.

E ti... que podes facer?

Infórmate e informa sobre a historia, cultura e sociedade, así como das diversas situacións dos pobos. Actúa naquelas campañas, iniciativas e accións que apoién o dereito que ten todo pobo a decidir sobre si mesmo. Insírete e participa en colectivos e todo tipo de organizacións que aposten pola libre elección e o poder de decisión dun pobo sobre como se organiza e se relaciona co seu redor.

Às vezes temo a metamorfose

O brilho da moeda que nos arrasta ao presumível
domínio dum filho da puta por um mísero
salário

Hoje toca-me dupla representação, os espectadores
esperam ocorrências

Amanhã oscila entre preguiça e apatia
Ressona um despertador na mente como
um maço

Almanaques pirómanos de sonhos
delineiam maioritariamente a preto os dias

É tarde

Os semáforos sabem-no e fodem
mudando o verde permissível
por um vermelho que paralisa

Toca o sino, já está na hora
Mais uma vez a contenda de
pontualidades e

atrasos

da diária jornada de perfeita proletária

De cancelados direitos e
de um montão de obrigações

Amanhã alcançarás o teu prémio

subir ao céu dos idiotas

Mas esta certeza não é suficiente

À fé perde adictos

Os comícios não convencem

Às promessas tornam-se contos de fadas
e levas um corvo no bico

Poema publicado no livro "Espelho de min mesma" de Cruz Martínez

TERRITORIOS PALESTINOS OCUPADOS.

CAMPOS DE EXTERMINIO (CONTINUACIÓN)

Anxeles B.F.

Todos os xornais celebraron o pasado 26 de agosto o cese da guerra entre Israel e Palestina, que pon fin aos 50 días de bombardeo e destrución sobre a franxa de Gaza.

Sempre é de celebrar o fin dunha guerra, pero é difícil crer que sexa o fin dun conflito que leva décadas aberto. Por que Israel se vai deter agora despois de tanto empeño por quedarse con todo o territorio e cando practicamente o obxectivo está conseguido?



Montecruz Foto

Houbo moitas campañas de presión, contra Israel, EEUU e os países europeos, que non conseguiron poñerse de acordo para levar adiante unha resposta conxunta exixindo que se cumplisen a lexislación internacional e os acordos asinados. Campañas de artistas e xentes do mundo da cultura, tamén de divulgación e recollida de sinaturas contra determinadas empresas que colaboran con Israel beneficiándose desta situación de conflito: bancos, como o Barclays, que invisten en provedores de armas, a empresa Hewlett-Packard que prové de sistemas de

vixilancia para controlar os movementos dos palestinos, a multinacional Caterpillar que proporciona escavadoras para destruír as súas casas e campos...

“Os intereses neste conflito disfrázanse de relixiosidade, o estado manipula e alimenta o

Os intereses neste conflito disfrázanse de relixiosidade, o estado manipula e alimenta o fundamentalismo, como no caso dos colonos xudeos que ocupan ilegalmente as terras palestinas porque cren que esta é a súa “terra prometida”. Aconteceu isto ao longo da historia, no nome da calquera deus se procura riqueza e dominio baseándose no exterminio do “infiel”.

Pero hai que engadir que en Israel hai moitas persoas no cárcere por negarse a facer o servizo militar, obrigatorio para homes (36 meses) e mulleres (24 meses) de 18 anos. Obxectores de conciencia que se negan a participar na ocupación de Palestina.

Neste caso, Israel busca colonizar territorio e EEUU, como potencia amiga, a súa parte: situación extratéxica no Oriente Próximo.

Ou, será o gas? como di Nafeez Ahmed ¹ no seu último artigo en The Guardian: “O ataque do exército israelí contra Gaza ten como obxectivo o control da reserva de gas natural palestino, valorada en 4.000 millones de dólares, a fin de evitar unha crise enerxética en Israel”

Nota1: xornalista de investigación, experto en seguridade internacional

A HISTORIA DO POBO GALEGO

A "Historia do pobo galego" é unha obra colectiva feita en no verán 1975 por antirfranquistas galegos exiliados na veciña cidade d'Oporto.


Deseñada e impresa n'Oporto, esta historieta composta dunha ristra de quince viñetas de 8x15 cm a toda cor pregadas en acordeón para facilitala súa difusión clandestina de "peto a peto" na Galiza, cousa da que se ocupou a Unión do Pobo Galego

Aquí esta representada cun formato

reducido en branco e negro, para adaptala ás condicións d'A Boia. En breve publicarase a cor e cun formato algo máis fiel ao orixinal en www.aboia.info.

Esta pequena gran testemuña da loita do pobo galego contra o fascismo foi achegada Á Boia dous antigos membros daquel colectivo que prefiren manterse no anonimato e que simplemente desexan unha difusión libre dela.


A HISTORIA DO POBO GALEGO É A HISTORIA DA OPRESION E DOMINACION DOS DE ARRIBA SOBRE DAS CLASES TRABALLADORAS E DAS CONSTANTES LOITAS DOS OPRIMIDOS POR ACADAR A LIBERACION DELES MESMOS E DA SUA PATRIA ...



NO SEC. XIII EMPEZA A REBELION LABREGA CONTRA OS FEUDAS. NO XV, ORGANIZADOS EN "IRMANDADES" DESTRUIRON O PODER DOS SEÑORES ...



... PERO OS FEUDAS, AXUDADOS POLA RIBEIRA E POLOS REISES CASTELAS VENCEN AO POBO E VENDEN GALICIA AO PODER CENTRAL.



NO 1956 O GRAN CAPITAL COMENZA UNHA GUERRA ASISTIDA ATE IMPOR A DITADURA IMPERIALISTA. O POBO GALEGO ORGANIZA A RESISTENCIA NOS MONTES



O ESTADO IMPERIALISTA ESPANOL MANDA AS SUAS FORZAS TRONCHISTAS CONTRA OS GUERRILLEROS. PROHIBE E REPRIME TODO O GALEGO, INCLUSO NOSO IDIOMA E NOSA BANDEIRA




A NOSA TERRA ASOBALLADA, DENDEN INTON EMPORRECHER MAIS E MAIS. OS NOSOS FILLOS EMIGRAN NA PROCURA DO PAN QUE LLES ERA ROUBADO.



MENTRAS, O GRAN CAPITAL MEDRA A CONTA DOS BRAZOS EMIGRADOS E DA EXPLOTACION DOS TRABALLADORES. ZUGA, INVERTINDO OS CARTOS FORA DE GALICIA.



FRENTE A INTUSURCIA MEDRA A UNION E ORGANIZACION DOS TRABALLADORES, INICIASSE A LOITA CLANDESTINA



NO ANO 72 A CLASE OBRERA GALEGA PROTAGONIZA GRANDES MOVILIZACIONES ANTICAPITALISTAS EN VIGO E FERROL, ONDE CAEN ASESTRADOS DOUS COMPANERINOS.



OS LABREGOS TAMÉN LOITAN CONTRA O ESTADO IMPERIALISTA ESPANOL MOSTRANDO A SUA CAPACIDADES REVOLUCIONARIA.



A RIBEIRA CO SEU OPORTUNISMO -SALVO HONROBAS ESCUCIONS- ADAPTA SE A SITUACION PRA NEUTRALIZAR A LOITA DE LIBERACION DO POBO GALEGO.



DEICA XENTES DO MAR CHEGA A FORZA DA REBELION CONTRA O ROUBO DAS PRAIAS E A CONTAMINACION RUINOSA QUE CONVIRTE NOSAS RIAS NO BASURERO DA PENINSULA



VELEIQUÍ OS CULPABLES DA SITUACION GALEGA: O DITADOR CUMPRINDO OS ORDENES DO GRAN CAPITAL COLONIALISTA ESPANOL



PERO COA UNIDADE AS CLASES POPULARES VENCERAN A EXPLOTACION COLONIAL QUE SOFRAN ACADARAN A LIBERACION, LEVANDO ADIANTE EN GALICIA



revolucion nacional popular!

**o meu gran soño :
ser pobre un día**



**porque isto de ser pobre todos os días
é unha merda**


carlos casal

AUTODETERMINACIÓN CON SAIAS E PETRÓLEO

Juan Pablo Forti

Escocia decidiu libremente ingresar no Reino Unido, e seica fixo ben. O imperio británico abriulle as portas dos mercados do mundo, e soubérono aproveitar. Non sorprende que a termodinámica avanzara tanto nunha nación onde o sol é un accidente, e a necesidade de quentarse é imperiosa. Escocia xogou un papel principal na revolución industrial, e soubo enriquecerse.

Cando Escocia ingresaba no Reino Unido e este preparábase para conquistar o mundo, España vivía a guerra de sucesión, na que por certo, Cataluña tomou parte polo bando equivocado, mais non pola independencia. O certo é que o desenlace desa guerra foi decidido durante negociacións entre o goberno británico e a coroa francesa, non pola ferocidade das ideas nin a certeza dos disparos.

Que é o que define a unha nación? Unha lingua? Un imaxinario? A herdanza dunhas guerras comúns? Unha moeda? Canto dura? Alguén o pode saber? Hai algunha nación na que a súa poboación sintase 100% identificada coa súa bandeira?

***"Que lexitimidade ten alguén
alleo a unha nación para negarlle
a súa autodeterminación?"***

Na miña opinión, a pregunta correcta é: Que lexitimidade pode ter alguén

alleo a unha nación para negarlle a súa autodeterminación? A lexitimidade da forza. A forza dos que teñen medo, a dos que minten máis do que falan. Non hai máis que escoitar e ler certos medios, plagados de insultos á intelixencia do lector e aos partidarios da consulta. A forza do débil que se cree forte, que busca vítimas aínda máis débiles para saciar os seus delirios de grandeza.

O imperio máis poderoso dos últimos séculos, pai do todopoderoso imperio americano, non precisou esa violencia para se crear. O Reino Unido é unha unión libre entre pobos, que estes poden abandonar cando o desexen. En Escocia o afán independentista colleu ascendencia social da mán das explotacións de petróleo. E se os escoceses e escocesas o deciden así, poderán ser libres.

Por suposto, no país das saias moitos teñen medo ao que poida vir, porque as cousas van indo. Outros en cambio ven a autodeterminación coma unha proba, unha oportunidade, un sono, un estímulo. Claro que xurden preguntas: Será o petróleo suficiente para mantermos unhas décadas? Seremos capaces de atopar novas alternativas? Crearemos unha moeda propia? Todo un exercicio para economistas, sociólogos e políticos. Mais, esencialmente a súa vida non vai mudar moito: O sal alá seguirá a ser un raro accidente.



Presentación das
Brigadas Antifascistas,
ás 20 hrs. no Bou Eva

2

Roteiro polo
Barrio do Cura, s
aída ás 19:30
dende a Oliveira

4

5

6

7

8

Palestra
Autodeterminación,
falarán BNG, CNT, CUT,
EU, P. da Terra e Podemos,
ás 20 hrs. no Catro a Catro

10

Concerto de
Leo Arremecaghona e
Lamprea Explosiva,
ás 22 hrs. na Cova dos Ratos

12

13

14

15

xornadas pobo zapatista,
debate "A sexta declaración
da Selva Lacandóna",
ás 19:30 na Cova dos Ratos

Obradoiro
de Cestería de papel,
ás 19
na Cova dos Ratos

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27


28

29

30

31

OUTUBRO



MENSTRUÁTE

Ghatas salvaxes

Segundo a RAG, a menstruación é a función orgánica da muller pola que, cada mes, expulsa unha pequena cantidade de sangue pola vaxina, procedente do útero. Pero é algo máis ca iso: é parte dun proceso hormonal cíclico consubstancial á muller que propicia o seu coñecemento persoal, por tanto, unha maior consciencia do seu ser interno.

"Crese que os tabús sobre a menstruación xa foron superados, pero o certo é que á pervivencia dos antigos sumáronse os modernos como a ocultación e a medicalización"

A día de hoxe aínda se cre que están superados moitos dos tabús con relación á menstruación. Mais, pola contra, ós antigos mitos, engádenselle outros procedentes do mundo moderno coma a ocultación, a patoloxización e a medicalización deste proceso.

Economicamente, o consumo de produtos "hixiénicos" para a regra supón un gasto total de 2.400 euros ó longo da vida da muller. A isto hai que lle engadir a repercusión social que ten. Lonxe de se aceptar a menstruación como un proceso habitual e natural, enténdese como un problema ante os intereses de mercado, que o sistema capitalista resolve xerando mecanismos sofisticados de invisibilización co obxecto de equiparar a vida da muller a un modelo de sociedade pensado baixo parámetros masculinos. Facendo desaparecer a menstruación, outórgaselle o dereito á muller a ingresar en igualdade de condicións nun mundo laboral ate entón reservado para o home.

A sociedade de consumo ofrécelle á muller todo tipo de produtos para poder paliar os supostos danos e prexuízos da menstruación, dende as compresas e os tampóns máis novidosos e case invisibles ata as pílulas máis máxicas que eliminan todo síntoma. Todo isto, como non,



pagando por el. E o que é máis grave, cunhas consecuencias para a súa saúde que evitan contar e que poden chegar a ser irreversibles.

Unha vez máis, vemos unha infantilización da muller: non se ten en conta á hora de decidir sobre o seu corpo. Existe unha tentativa por parte do mercado de invisibilizar produtos alternativos ás compresas e tampóns, polo que a muller vese obrigada a buscalos en redes de distribución non convencionais, ademais de loitar contra os prexuízos e estereotipos para construír unha nova maneira de vivir a súa menstruación.

"Hai unha serie de prexuízos sobre a menstruante (está sucia, enferma, sensible,...) que repercute na súa sexualidade: rexeitase o sexo cando en realidade nese período aumenta o apetito e a práctica mitiga as molestias deses días"

Toda unha serie de prexuízos e estereotipos (estar enfermas, sucias, especialmente sensibles, etc.) que repercuten, sen dúbida, na sexualidade. E por que? A menstruación e a sexualidade están estreitamente unidas. Durante a menstruación crece o apetito sexual. A práctica mitiga as posibles molestias deses días, ademais de que pode ser un



lubricante ideal. Son os medos e barreiras quen non deixan á muller gozar neste período de, quizais, maior excitación, ben soa ou ben en compañía.

Ter a regra non quere dicir que se estea padecendo ningunha enfermidade: é un proceso natural, cíclico e de renovación. Moitas das melloras que ofrece o mundo moderno son pasos cara atrás en termos de saúde feminina. As mulleres queremos vivir a nosa menstruación libremente, sen sentir vergoña, sen produtos que a oculten. Desexamos sentir o noso sangue!!! Precisamos educación real, sen prexuízos sobre os nosos ciclos, e que cada muller teña o dereito de experimentar e decidir a mellor maneira de coñecerse a si mesma, o seu ciclo e a maneira de vivilo.



A BOIA ENTREVISTA A...

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN*

Áo seu parecer que gañou e perdeu o movemento pola autodeterminación de Galiza dende os anos do franquismo ata hoxe en día?

Desde logo, pobo galego, isto é: a clase obreira galega, aínda non gañou. A oligarquía e o poder foron, porén, perdendo territorios intelectuais, sociais e territorios morais. A situación en que estamos agora é un contexto de combate, longo, proxectado de cara ao futuro.

Dá a impresión de que Galiza atópase á cola nos procesos de autodeterminación dentro do estado español, por que?

Ás veces é só unha aparencia. Poñamos un exemplo: en Cataluña non existe ningunha central sindical obreira de carácter nacionalista; en Galicia existen dúas, o mesmo ca no País Vasco. A teorización da dependencia, en Galicia ten un nivel de discurso marxista sumamente elevado, que pode verse na produción de X. M. Beiras ou na revista de pensamento A Trabe de Ouro.

"A solidariedade entre os pobos oprimidos no muno enteiro é necesaria para a evolución do planeta de cara a consecución do socialismo global"

Ro actual contexto do estado español, pensa que esta a haber unha suficiente conexión entre os nacionalismos "periféricos"?

Dicía Mao Tsetung que todo pobo que loita pola súa independencia e que está a facer a revolución encóntrase necesaria e radicalmente só. Así foi sempre e así

será: os pobos só poden confiar nas súas propias forzas. O cal non quere dicir que non sexa absolutamente necesario establecer relacións, apoios recíprocos, intercambios de experiencias. Malia o inimigo principal ser o mesmo, o Estado imperialista español, as condicións sociais e os procesos revolucionarios de liberación nacional son diferentes nas tres nacións, tanto na súa concepción de clase, como nas respectivas tradicións culturais. E aínda, hai que ter presente que a solidariedade entre os pobos oprimidos no mundo enteiro é necesaria para a evolución do planeta de cara á consecución do socialismo global.



Xosé Luís Méndez Ferrín lendo o manifesto da II Asemblea de setembro de 1977.
Foto: Image

Como cre que afecta o resultado de Escocia, ao resto dos pobos sen estado de Europa?

Coido que moi positivamente. Demostrou algo: tamén os pobos oprimidos de Occidente poden optar á independencia. Ate agora pensábase que só os pobos de Oriente, pertencentes a federacións comunistas como a URSS ou Iugoslavia, podían aspirar a constituír Estados propios. De maneira que o proceso de Escocia servirá de estímulo para os movementos independentistas de Galicia, Euskadi, Occitania, Córcega, Bretaña, etc. Cataluña está a ser outro exemplo de que isto é posible.

Precisa Galiza estar nesta Unión Europea?

Galiza precisa saír da Unión Europea para poder desenvolver as súas forzas



ndaina Pola Protección da Serra do Galiñeiro, o 18
ro de 2011.

en en acción

económicas tanto no sector primario, como a pesca, agricultura e gandería; como no sector industrial. Necesita con urxencia saír da Unión Europea e constituírse en país independente e beneficiarse das vantaxes que proporciona o novo mundo multilateral e posglobalizado.

***"Galiza necesita con urxencia
saír da Unión Europea e
constituírse en país independente
e beneficiarse das vantaxes
que proporciona o novo mundo
multilateral e posglobalizado"***

Que pensa da soberanía alimentaria e en que punto se encontra o campo galego dende o seu punto de vista?

Non desde o meu punto de vista, senón desde a realidade obxectiva: a agricultura e a gandería galegas están practicamente liquidadas. Non pode haber soberanía alimentaria sen unha produción agraria propia e unha agro-industria subseguinte.

* Nado en Ourense en 1938 e afincado en Vigo dende a xuventude, X. L. Méndez Ferrín é escritor e filólogo, director da revista de pensamento crítico "A Trabe de Ouro" e columnista do "Faro de Vigo".

Ata fai poucos anos foi profesor de secundaria do IES Santa Irene, Académico e Presidente da R. Academia Galega.

Sempre militante na causa da Galiza traballadora, a súa oposición á dictadura franquista levouno varias veces a ser expedientado e preso. Participou no grupo "Brais-Pinto" (1958), Unión do Povo Galego (1964), Partido Galego do Proletariado (1978), Galicia Ceibe (1979), Frente Popular Galega (1992) e as Redes Escarlata (2001).

Moitas veces premiado na Galiza e fora dela polo seu traballo como poeta, ensaísta e autor de narrativa, en 1999 foi proposto pola Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega ao Premio Nobel de literatura

